

SUBSTANTIVOS DA 3ª DECLINACIÓN

- Os substantivos da 3ª declinación, ao igual que os da 1ª e os da 2ª, enúncianse mediante o nominativo e o xenitivo:

Nominativo	Xenitivo
<i>Pax</i>	<i>Pacis</i>
<i>Miles</i>	<i>Militis</i>
<i>Honor</i>	<i>Honoris</i>
<i>Nomen</i>	<i>Nominis</i>
<i>Mare</i>	<i>Maris</i>
<i>Mons</i>	<i>Montis</i>

Sabemos que todos estes substantivos pertencen á 3ª declinación porque o seu xenitivo ten a desinencia *-is*.

O nominativo, sen embargo, pode ter múltiples apariencias.

- A 3ª declinación contén substantivos dos tres xéneros: masculinos, femininos e neutros. É difícil recoñecer o xénero dos substantivos na 3ª declinación. Haberá que botar man do léxico e do dicionario.
Por exemplo, *pax pacis* e *dux ducis* aseméllanse, pero *pax* é un substantivo femenino e *dux* é masculino.

De todos os xeitos, podemos dar unhas breves indicacións que nos poden axudar a identificar o xénero dalgúns substantivos. Observade a seguinte táboa na que se presentan algúns sufixos que forman substantivos dun determinado xénero:

Xénero	Sufixo		Exemplos
	Nom.	Xen.	
Feminino	<i>-tas</i>	<i>-tatis</i>	<i>Civitas civitatis</i> (f.): “cidadanía” <i>Libertas libertatis</i> (f.): “liberdade”
	<i>-tus</i>	<i>-tutis</i>	<i>Virtus virtutis</i> (f.): “virtude, valor”
	<i>-us</i>	<i>-utis</i>	<i>Salus salutis</i> (f.): “saúde”
	<i>-tudo</i>	<i>-tudinis</i>	<i>Multitudo multitudinis</i> (f.): “multitude”
Masculino	<i>-tor</i>	<i>-toris</i>	<i>Pastor pastoris</i> (m.): “pastor” <i>Senator senatoris</i> (m.): “senador”
Neutro	<i>-men</i>	<i>-minis</i>	<i>Flumen fluminis</i> (n.): “río” <i>carmen carminis</i> (n.): poema
	<i>-us</i>	<i>-oris</i>	<i>Corpus corporis</i> (n.): “corpo” <i>Tempus temporis</i> (n.): “tempo”
	<i>-us</i>	<i>-eris</i>	<i>Genus generis</i> (n.): “nacemento”

- Na 3ª declinación distinguimos entre:

- Substantivos de tema en consoante (tamén chamados imparisílabos):
Teñen distinto número de sílabas no nominativo e no xenitivo.

<i>Pax</i>	<i>pacis</i>	<i>Miles</i>	<i>militis</i>
1 síl.	2 síl.	2 síl.	3 síl.

- Substantivos en -i (tamén chamados parisílabos):
Teñen o mesmo número de sílabas no nominativo e no xenitivo.

<i>Civis</i>	<i>civis</i> (m., f., “cidadán”)	<i>mare</i>	<i>maris</i> (n., “mar”)
2 síl.	2 síl.	2 síl.	2 síl.

- Substantivos mixtos (tamén chamados falso imparisílabos):
Teñen un nominativo rematado en dúas ou tres consoantes. O nominativo, ademais, case sempre é monosilábico.

<i>Mons</i>	<i>montis</i> (m., “monte”)	<i>urbs</i>	<i>urbis</i> (f., “cidade”)
<i>Pars</i>	<i>partis</i> (f., “parte”)		

As características morfolóxicas da 3ª declinación vamos a estudalas polo libro.